

## Toca la Unión Musical de Pontevedra en Melide

**ACTUACIÓN.** El ciclo O país das bandas, promovido por la Xunta y la Federación Galega de Bandas de Música Populares en el marco de la programación cultural del Xacobeo 21-22, llega este martes 17 a Melide con un concierto de la Unión Musical Pontevedra. La actua-

ción será a las 12.30 horas en la praza do Cantón.

Esta formación nace en 1987 con 30 alumnos y en la actualidad está formada por 60 componentes. Ha editado tres trabajos discográficos y cuenta con un centro de formación musical integrado en la Escola Muni-

pal de Vila de Cruces, con más de un cien alumnos que alimentan la banda juvenil y garantizan su futuro. Con Miguel Rodríguez Barrio al frente como director, el programa del concierto incluirá los temas *Puenteareas*, *Marcha eslava*, *Airiños aires* y *The legend of Maracaibo*. Pero es que sonarán también *La leyenda del beso*, *Ghalledas*, *Hechicera*, *Agárrate saxo*, así como la *Muñeira dos pendellos*. O.D. VILAR



Una anterior actuación, en Santiago, de la Unión Musical de Pontevedra. Foto: UMPL

A través de grafitis feitos nas paredes e muros, os mozos tomaron conciencia da arquitectura, patrimonio, urbanismo e paisaxe da capital municipal, Fonte Díaz // Pintaron 65 metros cadrados de valados // A actividade logra xerar un vínculo identitario dos máis novos coa súa localidade de orixe **TEXTO Manuel Boo**

# Touro convértese na Vila do Mañá

A mocidade de Touro, liderada polo proxecto educativo A Vila do Mañá que capitanea a arquitecta Sandra González, traballou, aprendeu e divertiuse durante toda esta semana para mudar a fachada das rúas da súa capital municipal, Fonte Díaz.

Os máis novos, a través de grafitis feitos nas paredes, muros e valados, tomaron conciencia de todas as escalas do común na vila de Fonte Díaz: a súa arquitectura, patrimonio, urbanismo e paisaxe.

Sandra González, creadora da Vila do Mañá e arquitecta do proxecto, explica o intenso traballo feito durante toda a semana: "Primeiro debatemos e tratamos de que mozos e mozas de Touro entenderan a obra e o seu contexto; e consensuamos o traballo que íamos facer".

Posteriormente, continúa, "preparamos o lienzo, neste caso os muros e valados de Fonte Díaz, e traballamos nas rúas Rosalía de Castro, Castelao, Ramón Cabanillas, Curros Enríquez e na Praza Martín Codax".

Calcula a arquitecta que pintaron "arredor de 65 metros cadrados de valados". "En cada obra seleccionada tratamos de que os máis novos foran protagonistas; conseguindo que as súas siluetas invadiran as rúas da súa vila, de Fonte Díaz", explica Sandra González, que engade que ese é o espírito "co que levamos traballando na Vila do Mañá dende hai anos".

A actividade non só ten unha finalidade decorativa. Segundo o parecer de Sandra González, "así tamén logramos xerar un vínculo identitario coa súa localidade de orixe, e máis aínda se son eles quen quedan plasmados". E pon exemplos con nomes: "Na obra de Rosalía de Castro, o protagonista foi Juan; na de Martín Códax, foi Noa; e na de Ramón Cabanillas, Aitor".

E a intención desta actividade tamén está ben clara: "A nosa intervención pretende que Galicia teña vilas, entre elas Fonte Díaz, máis posibles e comprometidas".

A Vila do Mañá, que començou a súa andaina no ano 2016 en Rianxo e que conta coa colaboración de Normalización Lingüística da Xun-



Os rapaces de Touro preparan un muro para poder despois plasmar nel un dos seus proxectos incluídos na Vila do Mañá. Foto: C.T.



Resultado dun dos traballos feitos polos mozos na capital municipal, Fonte Díaz. Foto: C.T.

ta de Galicia, estivo dirixida a mozos e mozas a partir dos dez anos. "Queremos xerar nos participantes que nos acompañen unha nova identidade", engade Sandra González, quen destacou a importancia de "ter o poder de transformar o espazo".

De agora en diante, os máis novos do Concello de Touro e todos os veciños poderán convivir coa literatura galega na que eles mesmos se converteron en protagonistas.

Pola súa banda, a concelleira de Deportes, Cultura e Educación, Adela Iglesias, destacou a importancia que para o Concello de Touro supón que os máis novos "estén presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común".

Ao seu parecer, este proxecto permitiu "darlles as ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade dende a arte e a arquitectura, con fin de provocar neles unha nova mirada, ao tempo que se xeran vínculos de identidade cos espazos nos que habitan".